

Instrución 3/2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime oficial e libre para o curso 2024/25

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2. Esta norma dispón que a consellería competente en materia de educación regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado destas ensinanzas.

O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, establece os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Na Instrución 8/2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2024/25, establécese o procedemento para a elaboración, administración e avaliación das probas para a obtención dos certificados dos niveis regulados no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, para o curso 2024/25.

No apartado 14.6.1. da Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25, establécese que o alumnado oficial terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar, con carácter xeral, na primeira quincena do mes de xuño e outra, extraordinaria, que se realizará na segunda quincena.

No apartado 9.2.1.a) desta mesma resolución, establécese que se poderán programar nas escolas oficiais de idiomas cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e cursos de actualización de galego (CALG) para o profesorado, e que o profesorado que complete estes cursos e cumpra cos requisitos de asistencia poderá realizar as probas de certificación do idioma e nivel cursado, na escola ou extensión onde os realizou, e terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias.

No apartado 14.6.2. desta mesma resolución, establécese que a Dirección Xeral de Formación Profesional organizará unha convocatoria das probas polo réxime libre para a obtención dos certificados de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1.



Polo tanto, co obxecto de organizar, para o curso 2024/25, as probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 para o alumnado libre, e as probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 para o alumnado oficial, incluíndo o alumnado inscrito nos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC), nos cursos de actualización de galego (CALG), o alumnado do programa CUALE e o alumnado dos cursos *ExamPrep* do programa *That's English!*, a Dirección Xeral de Formación Profesional dita as seguintes instrucións:

1. PROBAS DE CERTIFICACIÓN

O Decreto 81/2018, establece que a consellería competente en materia de educación organizará, polo menos, unha convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados de competencia xeral dos niveis e idiomas impartidos no seu ámbito de xestión.

Estas probas, comúns para todos os réximes e modalidades, terán lugar nos meses de maio e xuño, en convocatoria ordinaria e extraordinaria para o alumnado do réxime oficial, e en convocatoria única para o alumnado do réxime libre, coincidindo, esta última, coa convocatoria ordinaria do alumnado oficial.

Procede, polo tanto, convocar as probas de certificación 2024/25 para a obtención dos certificados dos niveis básico A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2, de acordo coas directrices que figuran nesta instrución.

1.1. Nivel básico A2

1.1.1. As probas de certificación de nivel básico A2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel básico A2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.1.2. No curso 2024/25 administraranse probas de certificación de nivel básico A2 nos idiomas alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.1.3. As probas de certificación do nivel básico A2 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel básico A2*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/a2_guia_informativa_e_de_especificacions_2024-2025.pdf

1.2. Nivel intermedio B1

1.2.1. As probas de certificación de nivel intermedio B1 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.



1.2.2. No curso 2024/25 administraranse probas de certificación de nivel intermedio B1 nos idiomas alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés.

1.2.3. As probas de certificación do nivel intermedio B1 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel intermedio B1*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/b1_guia_informativa_e_de_especificacions_2024-2025.pdf

1.3. Nivel intermedio B2

1.3.1. As probas de certificación de nivel intermedio B2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.3.2. No curso 2024/25 administraranse probas de certificación de nivel intermedio B2 nos idiomas alemán, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés.

1.3.3. As probas de certificación do nivel intermedio B2 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel intermedio B2*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/b2_guia_informativa_e_de_especificacions_2024-2025.pdf

1.4. Nivel avanzado C1

1.4.1. As probas de certificación de nivel avanzado C1 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.4.2. No curso 2024/25 administraranse probas de certificación de nivel avanzado C1 nos idiomas alemán, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano e portugués.

1.4.3. As probas de certificación do nivel avanzado C1 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel avanzado C1*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/c1_guia_informativa_e_de_especificacions_2024-2025.pdf

1.5. Nivel avanzado C2

1.5.1. As probas de certificación de nivel avanzado C2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.



1.5.2. No curso 2024/25 administraranse probas de certificación de nivel avanzado C2 nos idiomas alemán, francés, galego, inglés, italiano e portugués.

1.5.3. Esta proba administrárase unicamente para o alumnado oficial e alumnado dos cursos de actualización lingüística e comunicativa deste nivel (CALC), e dos cursos de actualización de galego (CALG).

1.5.4. As probas de certificación do nivel avanzado C2 ateranse ao disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel C2*, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/c2_guia_informativa_e_de_especificacions_2024-2025.pdf

2. REQUISITOS DE ACCESO ÁS PROBAS

2.1. Alumnado libre

2.1.1. Poderanse matricular nas probas de certificación do idioma que cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan dezaseis anos cumpridos ou que os cumpran no ano natural da convocatoria.

2.1.2. Poderanse matricular nas probas de certificación dos idiomas que non cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan catorce anos cumpridos ou que os cumpran no ano natural da convocatoria.

2.1.3. O alumnado libre poderá matricularse nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das probas de certificación, sen que sexa requisito posuír o certificado do nivel ou niveis anterior(es).

2.1.4. O alumnado que xa realizara con anterioridade estudos nunha EOI e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2024/25, e o alumnado que estea matriculado oficialmente no curso 2024/25 e se matricule por libre noutro idioma e/ou nivel nunha EOI distinta, deberá indicar esta circunstancia na súa solicitude de matrícula.

2.2. Alumnado oficial de ensinanza presencial e semipresencial

O alumnado presencial ou semipresencial matriculado nun curso final de nivel terá que superar a proba de certificación correspondente, sen necesidade de matricularse nas probas, para obter o certificado que lle permita ascender, se é o caso, ao nivel inmediatamente superior.

2.3. Alumnado do programa *That's English!*

2.3.1. O alumnado do programa *That's English!* que estea a cursar un módulo final de nivel (A2.4, B1.2, B2.4 ou C1.2) terá que superar as probas para acadar a certificación do respectivo nivel, segundo o establecido no apartado 8.4. da Instrución 2/2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional sobre a organización dos niveis Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2



e Avanzado C1 das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English!* para o curso 2024/25.

2.3.2. O alumnado procedente dos cursos *ExamPrep* do programa *That's English!* deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio B2 ou avanzado C1 para acadar a certificación dos citados niveis, segundo o establecido no apartado 11 da Instrución 3/2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional sobre a impartición de cursos de preparación das probas de certificación de inglés dos niveis intermedio B2 e avanzado C1 na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English!* para o curso 2024/25.

2.3.3. O alumnado dos cursos *ExamPrep* terá que realizar a inscrición na convocatoria das probas, de acordo co establecido no apartado 11 da Instrución 3/2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional sobre a impartición de cursos de preparación das probas de certificación de inglés dos niveis intermedio B2 e avanzado C1 na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English!* para o curso 2024/25.

2.3.4. O alumnado do programa *That's English!*, incluído o dos cursos *ExamPrep*, non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

2.3.5. As probas de certificación do alumnado do programa *That's English!* realizaranse nos centros que figuran no anexo I da presente instrución.

2.3.6. As probas de certificación do alumnado dos cursos *ExamPrep* do programa *That's English!* realizaranse nas sedes e extensións das EOI onde este alumnado estea matriculado.

2.3.7. O alumnado procedente deste programa terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes.

2.4. Alumnado procedente dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e dos cursos de actualización de galego (CALG)

2.4.1. O alumnado dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e dos cursos de actualización de galego (CALG) que desexe certificar o nivel que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula no centro onde cursou o CALC ou CALG, seguindo o procedemento recollido na presente instrución, indicando na aplicación web de matrícula o idioma e nivel do curso que está a realizar.

2.4.2. O alumnado procedente destes cursos que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias. Para isto, antes da realización das probas, deberá presentar na secretaría do centro o documento da realización do dito curso, emitido polo CFR, onde conste que a persoa cumpre o



citado requisito de asistencia (apartado 3.1.3.d). No suposto de que se trate de profesorado que realizou o curso no mesmo centro en que imparte docencia noutro idioma, este deberá formalizar a matrícula noutro centro e respectaráselle a súa condición de alumnado oficial.

2.4.3. As persoas candidatas procedentes destes cursos non terán que aboar os prezos públicos correspondentes ao concepto de matriculación por idioma, sempre que vaian realizar as probas de certificación do idioma e nivel correspondente por primeira vez. No caso de se matricularen por primeira vez nunha escola oficial de idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia, estas persoas deberán aboar os prezos públicos correspondentes á apertura de expediente.

2.5. Alumnado procedente do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE)

2.5.1. O alumnado procedente dos cursos CUALE establecidos na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia que desexe certificar o nivel que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido na presente instrución.

2.5.2. O alumnado procedente dos cursos CUALE 2024/25 que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación. Esta exención inclúe o concepto de apertura de expediente académico.

2.5.3. Os centros onde teñen lugar os cursos CUALE enviarán á Dirección Xeral de Formación Profesional as listaxes, por idioma e nivel, do alumnado de cada curso. A Dirección Xeral facilitaralle a cada escola oficial de idiomas as listaxes de alumnado CUALE correspondentes á escola e extensións, se é o caso.

3. MATRÍCULA NAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN

3.1. Procedemento para os cursos CALC e CALG, CUALE e *ExamPrep*

3.1.1. A matrícula realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/>

3.1.2. O prazo de matrícula nas probas de certificación para o alumnado que asiste aos cursos CALC ou CALG, o alumnado procedente dos cursos CUALE e o alumnado dos cursos *ExamPrep*



será do **24 de febreiro ao 12 de marzo** de 2025, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 23:59 do 12 de marzo.

3.1.3. A matrícula feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice, a través da mesma aplicación web. Para formalizar a matrícula, o alumnado deberá presentar, no prazo establecido no apartado 3.1.2., a seguinte documentación:

- a) De ser o caso, o resgardo do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño (DOG do 17 de xuño de 2013), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- b) Unha fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. No caso de que a persoa candidata se identificara cun documento distinto do DNI ou do NIE, deberá formular a solicitude presencialmente na secretaría da EOI no prazo establecido para a matrícula no apartado 3.1.2. da presente instrución. Neste caso, o prazo final estará suxeito ao horario da secretaría do centro en que a persoa se matricule.
- c) Para o alumnado de *ExamPrep* que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2025, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte o modelo do anexo II. Este alumnado poderá matricularse unicamente no centro ou extensión no que realizou os cursos.
- d) Para o alumnado dos cursos CALC e CALG, a realización das probas estará condicionada ao cumprimento do requisito de asistencia, que se acreditará a través dun documento de realización do curso, emitido polo CFR correspondente ao remate da actividade lectiva, e que será entregado na EOI correspondente con anterioridade á celebración das probas.

3.1.4. A documentación presentarse dende a ligazón:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/>. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

3.2. Procedemento para o alumnado libre (agás niveis B2 e C1 de galego e inglés)

3.2.1. A inscrición realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>



3.2.2. O prazo de matrícula nas probas de certificación para o alumnado libre será do **24 de febreiro ao 12 de marzo** de 2025, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 23:59 do 12 de marzo.

3.2.3. Realizarase unha solicitude para cada idioma e nivel no que se desexe matricularse.

3.2.4. A matrícula feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice, a través da mesma aplicación web. Para formalizar a matrícula, o alumnado deberá presentar, no prazo establecido no apartado 3.2.2., a seguinte documentación:

- a) O resgardo do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño (DOG do 17 de xuño de 2013), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- b) Unha fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. No caso de que a persoa candidata se identificara cun documento distinto do DNI ou do NIE, deberá formular a solicitude presencialmente na secretaría da EOI no prazo establecido para a matrícula. Neste caso, o prazo final estará suxeito ao horario da secretaría do centro en que a persoa se matricule.
- c) Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2025, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte o modelo do anexo II.

3.2.5. A documentación presentarase dende a ligazón:

<https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

3.3. Procedemento para o alumnado libre dos niveis B2 e C1 de galego e inglés

3.3.1. A inscrición realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>

3.3.2. O prazo de inscrición nas probas de certificación para o alumnado libre será do **24 de febreiro ao 12 de marzo** de 2025, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 23:59 do 12 de marzo.

3.3.3. Realizarase unha solicitude para cada idioma e nivel no que se desexe matricularse.



No apartado 14.6.2. da Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25, establécese que esta dirección xeral poderá establecer criterios de asignación de prazas para aqueles idiomas e niveis en que a demanda o xustifique.

3.3.4. O alumnado dos niveis B2 e C1 de galego e inglés deberá seleccionar todos os centros en que se van administrar as probas, de acordo coa súa orde de preferencia. No momento de cubrir o formulario de inscrición, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude, independentemente da escola, idioma e nivel solicitados.

3.3.5. Para a asignación de prazas, o sistema informático obterá un número de corte por idioma e nivel, sorteado aleatoriamente entre todos os números asignados a cada solicitante dese idioma e nivel. O sorteo deste número realizarase en acto público, o día **19 de marzo**, ás 12.00 horas, na EOI de Vigo (Avda. Emilio Martínez Garrido, 17, Vigo).

3.3.6. A adxudicación de prazas realizarase por opción, empezando pola solicitude que teña o número obtido no sorteo e asignándolles a primeira opción ás persoas solicitantes, ata completar o número de prazas dispoñibles. A continuación asignaranse as seguintes opcións, respectando a orde de preferencia indicada na solicitude ata que todas as persoas solicitantes sexan asignadas a unha escola.

3.3.7. De ser necesario, e en función do número de solicitudes presentadas, poderán adxudicarse prazas nas extensións correspondentes a cada unha das EOI.

3.3.8. O día 20 de marzo, o alumnado poderá consultar na aplicación web a escola, ou extensión, onde foi admitido.

3.3.9. A inscrición feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice, a través da aplicación web, na escola ou extensión onde foi admitido. Para formalizar a matrícula, este alumnado deberá presentar, a partires do **20 de marzo**, ata as 23:59 do **31 de marzo**, a seguinte documentación:

a) O resgardo do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño (DOG do 17 de xuño de 2013), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.

b) Unha fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. No caso de que a persoa candidata se identificara cun documento distinto do DNI ou do NIE, deberá formular a solicitude presencialmente na



secretaría da EOI no prazo establecido para a matrícula. Neste caso, o prazo final estará suxeito ao horario da secretaría do centro en que a persoa se matricule.

- c) Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2025, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte o modelo do anexo II.

3.3.9. A documentación presentarse dende a ligazón: <https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

3.4. Alumnado con discapacidade

3.4.1. De acordo co establecido no artigo 3.9. do Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, no caso do alumnado con discapacidade, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

3.4.2. O alumnado que precise condicións especiais para a realización das probas debido a algún tipo de discapacidade deberá xustificalo mediante un certificado oficial e solicitar unha adaptación da proba cubrindo o formulario facilitado pola EOI (anexo III da presente instrución). A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes do departamento territorial respectivo para que se determinen as adaptacións pertinentes.

3.4.3. En calquera caso, de acordo co disposto no artigo 3.9 do Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, o alumnado que necesite condicións especiais para a realización da avaliación de certificación non será dispensado da realización de ningunha das partes das que conste a proba, que será única para todo o alumnado.

3.4.4. O alumnado con discapacidade que se inscriba nos niveis B2 e C1 de galego e inglés deberá seleccionar por orde de preferencia todos os centros en que se van administrar as probas. Unha vez que a primeira EOI que indicara na súa solicitude comprobe a validez do certificado acreditativo, poderá matricularse nela sen que lle sexa de aplicación o establecido nos apartados 3.3.5. e 3.3.6. No caso de que a EOI lle notifique que o certificado non é válido, ou no caso de non telo presentado, entrará no sorteo de adxudicación das prazas.



3.5. Incompatibilidades

3.5.1. O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

3.5.2. Non se poderán examinar das probas de certificación dunha lingua aquelas persoas que participasen na súa elaboración ou no seu proceso de configuración final.

3.5.3. Así mesmo, o profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá matricular nas probas de certificación de ningún idioma na propia EOI en que imparte ou impartira docencia no curso 2024/25, e, en ningún caso, se poderá matricular para realizar as probas de certificación do(s) idioma(s) que imparte en ningunha EOI de Galicia. No caso de profesorado interino ou substituto que estivese matriculado nunha escola previamente ao seu nomeamento nela, deberá solicitar o traslado de expediente a outro centro, ou ben poderá renunciar á matrícula.

3.5.4. O persoal non docente destinado nunha escola oficial de idiomas ou extensión non poderá cursar estudos nin matricularse nas probas de certificación polo réxime libre no centro onde desempeñe o seu labor, aínda que si se poderá matricular noutra escola ou extensión. No caso dos idiomas que se impartan nunha única escola, o persoal non docente que traballe nela poderá formalizar a matrícula neses idiomas.

4. ESTRUCTURA, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN ÁS PROBAS

4.1. Os equipos directivos das EOI garantirán que o alumnado dispoña de información completa sobre a estrutura, contido, criterios de avaliación e cualificación de todas as probas, así como das condicións e prazos de reclamación sobre a súa cualificación.

4.2. Para isto, as escolas publicarán as presentes instrucións, xunto coas guías informativas e de especificacións das probas de certificación de cada nivel. Así mesmo, publicarán as táboas de avaliación para as actividades de produción e coprodución de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, mediación oral e mediación escrita, que se incluírán nas guías de avaliación e cualificación que esta dirección xeral enviará aos centros antes da realización das probas.

5. ADMINISTRACIÓN DAS PROBAS

5.1. As probas de certificación administraranse nas sedes das EOI e, se é o caso, nas súas extensións, de acordo coa súa oferta educativa no curso 2024/25.

5.2. Para a súa correcta administración deberán terse en conta as guías de administración das probas de cada nivel que a Dirección Xeral de Formación Profesional lles remitirá ás escolas oficiais de idiomas.



5.3. As probas de certificación para o profesorado dos cursos CALC e dos cursos CALG realizaranse nas escolas e extensións onde se impartiron os cursos correspondentes, unicamente para o nivel ou niveis impartidos.

5.4. As probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral para o alumnado CUALE contarán con tribunais específicos para a súa administración e cualificación.

5.5. A cualificación da produción e coprodución de textos escritos, da mediación escrita, da produción e coprodución de textos orais e da mediación oral das probas será realizada por tribunais formados, polo menos, por dous membros do departamento correspondente. No caso de departamentos didácticos unipersoais, o departamento territorial respectivo designará o profesorado que deberá desprazarse desde outra sede ou extensión para a formación dos tribunais que garantan a correcta administración das probas.

6. CALENDARIO DAS PROBAS

6.1. Para os niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a parte escrita (comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, e mediación escrita) das convocatorias ordinaria e extraordinaria das probas de certificación administrárase de acordo cos calendarios de administración que se achegan como anexos IV e V da presente instrución.

6.2. No caso de que, por razóns debidamente xustificadas e excepcionais ou por causas imputables ao centro, as probas de certificación non se puidesen administrar nos calendarios establecidos nos anexos IV e V, a escola deberá informar ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente da Dirección Xeral de Formación Profesional e solicitar a autorización para administrar a proba de reserva noutra hora ou data.

6.3. **Convocatoria ordinaria:** a parte escrita das probas de nivel A2 e B1 e a parte oral de todos os niveis realizaranse de acordo co calendario que estableza cada escola, e a partir do 16 de maio. As datas das partes escritas de A2 e B1 serán publicadas na páxina web de cada escola coa debida antelación.

A data límite para publicar os resultados das probas será o **9 de xuño**.

6.4. **Convocatoria extraordinaria:** a convocatoria extraordinaria dará comezo o día **17 de xuño**. Porén, a parte escrita das probas de nivel A2 e B1 e a parte oral de todos os niveis poderán realizarse a partir do **10 de xuño**, de acordo co calendario que estableza cada escola, e sempre que estean resoltas eventuais reclamacións da convocatoria ordinaria. As datas das partes escritas de A2 e B1 serán publicadas na páxina web da escola coa debida antelación.

A data límite para publicar os resultados das probas será o **27 de xuño**.



6.5. **Convocatorias orais:** as datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación, e as respectivas convocatorias do alumnado, serán publicadas por cada escola cunha antelación mínima de tres días.

Estas probas poderán realizarse antes ou despois das respectivas partes escritas.

6.6. A EOI de Lugo establecerá o calendario de realización das probas de certificación de nivel avanzado C2 de italiano. A EOI de Vigo establecerá o calendario de realización das probas de certificación de nivel intermedio B2 de xaponés.

6.7. As escolas poderán fixar probas nas datas da ABAU, sempre que se garanta a compatibilidade de acceso a ambas probas por parte do alumnado.

Así mesmo, poderán fixar probas nas datas establecidas pola Dirección Xeral de Formación Profesional para os niveis B2, C1 e C2, sempre que se garanta que non hai alumnado afectado no centro, incluído o alumnado dos cursos CALC e CALG e o alumnado do programa CUALE.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández





ANEXO I

**CENTROS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN
PARA O ALUMNADO DO PROGRAMA DE INGLÉS *THAT'S ENGLISH!*
(incluído o alumnado dos cursos *ExamPrep*)**

CENTRO DE APOIO TITORIAL	CENTRO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN
EOI de A Coruña	EOI de A Coruña
Pazo da Cultura de Carballo	Extensión EOI - Pazo da Cultura de Carballo
IES Agra de Raíces (Cee)	Extensión EOI - IES Fernando Blanco (Cee)
EOI de Ferrol	EOI de Ferrol
EOI de Santiago de Compostela	EOI de Santiago de Compostela
IES de Sar	Extensión EOI - IES de Sar
IES Nº 1 (Ribeira)	Extensión EOI - IES Nº 1 (Ribeira)
EOI de Lugo	EOI de Lugo
IES San Rosendo (Mondoñedo)	EOI de Lugo
EOI de Viveiro	EOI de Viveiro
EOI de Ourense	EOI de Ourense
IES Martaguisela (O Barco de Valdeorras)	Extensión EOI - IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)
IES Carlos Casares (Viana do Bolo)	Extensión EOI - IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)
IES Xesús Taboada Chivite (Verín)	Extensión EOI - IES García Barbón (Verín)
EOI de Pontevedra	EOI de Pontevedra
IES Valle Inclán	Extensión EOI - IES Valle Inclán
IES Ramón Mª Aller Ulloa (Lalín)	Extensión EOI - IES Ramón Mª Aller Ulloa (Lalín)
EOI de Vilagarcía de Arousa	EOI de Vilagarcía de Arousa
EOI de Vigo	EOI de Vigo



ANEXO II

CERTIFICACIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA CURSADA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Eu,, secretaria/o do centro
....., con código de centro nº
....., na localidade (provincia),

CERTIFICO:

Que a alumna/o, con DNI
....., está matriculada/o actualmente neste centro no curso das
ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, e que o idioma que cursa como
primeira lingua estranxeira é

Asino esta certificación por pedimento da persoa interesada e para os efectos de
matrícula nas probas de certificación da escola oficial de idiomas.

..... de de 2025

V. e pr. do/a director(a)

A/O secretaria/o

(Selo do centro)



ANEXO III

En cumprimento do establecido no artigo 3.9. do Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro¹, no que se recolle que: *No caso do alumnado con discapacidade, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.*

A/o alumna/o con
DNI/NIE, domicilio en....., código
postal, na rúa, núm., andar/porta.....,
teléfono....., correo electrónico, matriculada/o na PROBA DE
CERTIFICACIÓN de nivel

X	Nivel	Idioma	Curso académico
	BÁSICO A2		2024/25
	INTERMEDIO B1		2024/25
	INTERMEDIO B2		2024/25
	AVANZADO C1		2024/25
	AVANZADO C2		2024/25

Presenta a seguinte discapacidade que lle impide desenvolver con normalidade a devandita proba:

.....

Para xustificalo, presenta os seguintes certificados² emitidos polas seccións provinciais de cualificación e valoración de discapacidade:

.....

Polo que **SOLICITA** que se fagan as adaptacións pertinentes para garantir unha proba de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

..... de de

(Selo do centro)

Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Estes documentos non teñen validez sen documentación xustificativa.



ANEXO IV

ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS - PROBAS DE CERTIFICACIÓN NIVEIS INTERMEDIO B2, AVANZADO C1 E AVANZADO C2 CALENDARIO DE REALIZACIÓN - CURSO ACADÉMICO 2024/25

CONVOCATORIA ORDINARIA (alumnado oficial, CALC, CALG, CUALE e *ExamPrep*; alumnado libre)

Alemán - nivel intermedio B2	27 de maio	10:00 h
Alemán - nivel avanzado C1	23 de maio	16:00 h
Alemán - nivel avanzado C2	22 de maio	10:00 h
Español lingua estranxeira - nivel intermedio B2	3 de xuño	16:00 h
Español lingua estranxeira - nivel avanzado C1	4 de xuño	16:00 h
Francés - nivel intermedio B2	26 de maio	16:00 h
Francés - nivel avanzado C1	20 de maio	16:00 h
Francés - nivel avanzado C2	23 de maio	10:00 h
Galego - nivel intermedio B2	21 de maio	10:00 h
Galego - nivel avanzado C1	16 de maio	10:00 h
Galego - nivel avanzado C2	19 de maio	10:00 h
Inglés - nivel intermedio B2	28 de maio	16:00 h
Inglés - nivel avanzado C1	21 de maio	16:00 h
Inglés - nivel avanzado C2	16 de maio	16:00 h
Italiano - nivel intermedio B2	26 de maio	10:00 h
Italiano - nivel avanzado C1	2 de xuño	10:00 h
Portugués - nivel intermedio B2	27 de maio	16:00 h
Portugués - nivel avanzado C1	2 de xuño	16:00 h
Portugués - nivel avanzado C2	22 de maio	16:00 h

As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada EOI. Estas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas e cada EOI deberá publicar as datas, cando menos, con tres días de antelación con respecto á realización da proba.



ANEXO V

ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS - PROBAS DE CERTIFICACIÓN NIVEIS INTERMEDIO B2, AVANZADO C1 E AVANZADO C2 CALENDARIO DE REALIZACIÓN - CURSO ACADÉMICO 2024/25

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

(alumnado oficial, CALC, CALG, CUALE e *ExamPrep*)

Alemán - nivel intermedio B2	17 de xuño	10:00 h
Alemán - nivel avanzado C1	19 de xuño	10:00 h
Alemán - nivel avanzado C2	20 de xuño	10:00 h
Español lingua estranxeira - nivel intermedio B2	17 de xuño	10:00 h
Español lingua estranxeira - nivel avanzado C1	19 de xuño	10:00 h
Francés - nivel intermedio B2	17 de xuño	16:00 h
Francés - nivel avanzado C1	18 de xuño	16:00 h
Francés - nivel avanzado C2	20 de xuño	10:00 h
Galego - nivel intermedio B2	19 de xuño	10:00 h
Galego - nivel avanzado C1	18 de xuño	10:00 h
Galego - nivel avanzado C2	17 de xuño	10:00 h
Inglés - nivel intermedio B2	18 de xuño	16:00 h
Inglés - nivel avanzado C1	18 de xuño	16:00 h
Inglés - nivel avanzado C2	19 de xuño	16:00 h
Italiano - nivel intermedio B2	17 de xuño	10:00 h
Italiano - nivel avanzado C1	19 de xuño	16:00 h
Portugués - nivel intermedio B2	18 de xuño	16:00 h
Portugués - nivel avanzado C1	19 de xuño	16:00 h
Portugués - nivel avanzado C2	20 de xuño	10:00 h

As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada EOI. Estas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas e cada EOI deberá publicar as datas, cando menos, con tres días de antelación con respecto á realización da proba.

